

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL

EVENTOS, NOTICIAS E RECOMENDACIÓNS CULTURAIS DE LUGO

NOVEMBRO 2022

PROGRAMA DO 18/11 AO 24/11

CONCELLO DE LUGO

Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



AXENDA

VENRES 18/11

- **19:00 PRESENTACIÓN DO LIBRO** «Un camino de cine Xacobeo» - Seminario Diocesano
- **19:30 INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN** «Feira de Bagoa» - Solaina Galería
- **20:00 PRESENTACIÓN DO LIBRO** «Lingua, poder e adolescencia» - O Vello Cárcere
- **21:30 PRESENTACIÓN DO LIBRO** «A negrura no peito» - Ho! Gruf
- **22:30 CONCERTO** de Romalde e Sobrin - Sala Jagger
- **FESTIVAL DE JAZZ DE LUGO:**
 - **20:30** Henri Texier Quintet. Círculo das Artes
 - **22:30** Gene Garcia Quartet / Stompy Seven Jass Band. Club Clavicémbalo

SÁBADO 19/11

- **MOSTRA ARTE DE PORTAS ABERTAS 2022**, programa en páxinas seguintes
- **17:00 "ALEGRÍA", DOCUMENTAL** sobre o Prestige - Museo Provincial
- **20:00 VISITA TEATRALIZADA** a O Vello Cárcere. Inscripción gratuita: 982297195 ou vellocarcere@lugo.gal
- **22:00 CONCERTO** de Corizonas - Sala Jagger
- **FESTIVAL DE JAZZ DE LUGO:**
 - **20:30** Vincent Herring & Joe Magnarelli Quintet. Círculo das Artes
 - **22:30** Mr. River / Javier Navas Quintet. Club Clavicémbalo

DOMINGO 20/11

- **MOSTRA ARTE DE PORTAS ABERTAS 2022**, programa en páxinas seguintes
- **18:30 TEATRO** "A nova historia da Cigarra e a Formiga" de Teatro do Andamio - Entradas: entradaslugo.es / Oficina de Turismo ata 3 horas antes do comezo / auditorio, o día da función, desde unha hora e media antes do comezo
- **FESTIVAL DE JAZZ DE LUGO:**
 - **20:30** Kathrine Windfeld Big Band. Círculo das Artes

LUNS 21/11

- **20:00 ENTREGA PREMIOS DO MARATÓN FOTOGRÁFICO** - Biblioteca Universitaria Intercentros

MARTES 22/11

- **19:30 EVENTO DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA** «DivúlgaT» - Casa do Saber

MÉRCORES 23/11

- **17:00 VI XORNADAS LUCENSES DE ACCESIBILIDADE AO PATRIMONIO** - Museo Provincial
- **18:00 CINE** - A ruleta da fortuna e a fantasía - Casa do Saber
- **19:00 REFLE(X)SONS - CONFERENCIAS E CONCERTOS** - Facultade de Humanidades
- **20:30 CINE** - Onde máis doe - O Vello Cárcere

XOVES 24/11

- **18:00 CONTACONTOS** "Contos nunha roda. Manuela e Manuel" - Museo MIHL - Entradas: entradaslugo.es
- **20:30 TEATRO** "El caballero incierto" DE Come y Calla Producciones - Entradas: entradaslugo.es / Oficina de Turismo ata 3 horas antes do comezo / auditorio, o día da función, desde unha hora e media antes do comezo
- **22:00 - 3, 2, 1 ... IMPRO** - Club Clavicémbalo



CICLO
CINEMA NO
CÁRCERE

O VELLO CÁRCERE
LUGO- NOVEMBRO - 2022
ENTRADA DE BALDE


16-11 / 20:30H
 **"VERBAS E MEMORIA,
MIÑA TÍA ELENA"**

23-11 / 20:30H
 **"ONDE MÁIS DOE"**

29-11 / 20:30H
 **"CÁRCEL DE CURAS"**


Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua


O VELLO
CÁRCERE
CENTRO SOCIOCULTURAL



MOSTRA DE ARTE NA RÚA

CULT

URBAN

COMBATE DE PINTURA MURAL 2022

10 de decembro 2022

MOSTRA DE ARTE NA RÚA // CULTURBÁN FEST

Culturbán é unha mostra de arte urbana que propón explorar, descubrir ou redescubrir a contorna urbana a partir de actividades artísticas, accións e experiencias urbanas diferentes e que transformen a nosa cidade, nun Lugo vangardista, participativo, colorista, amable e culturalmente aberto e activo.

¿Que é un combate de pintura mural?

É un encontro lúdico, onde diversos artistas participarán de forma presencial en un espazo público baixo as mesmas condicións: Mesmas ferramentas, mesmo tempo de execución, mesmo soporte pictórico, e mesma temática durante una xornada.

O tema proposto será anunciado o inicio do combate as 10:00 h, e o fallo do xurado o rematar as 18:00 h.

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, no marco do Culturbán Fest, Mostra de Arte na Rúa, convoca o III Combate de Pintura Mural 2022, de acordo coas seguintes

BASES

Poderá presentarse calquera persoa maior de idade.

Seleccionaranse entre todas as propostas recibidas 10 participantes conforme á súa traxectoria artística, valorando con especial atención os seus traballos murais.

Será preciso enviar a seguinte información nun arquivo con formato pdf, de 10 follas máximo, e que non supere os 10 MB.

Deberán acompañar a seguinte información: nome e apelido, teléfono, correo electrónico, fotocopia DNI, currículo, dossier de proxectos e traballos máis relevantes.

Todo esta documentación a modo de inscrición deberá enviarse ao correo anxo.lamelo@lugo.gal con copia a cultura@lugo.gal, indicando no asunto "COMBATE MURAL 2022".

A data límite para realizar a inscrición será ás 23:59 horas do día 2 de decembro.

As/os artistas seleccionados serán comunicados o día 5 de decembro, a organización poñerá en contacto para confirmar a súa participación.

A data do Combate Mural será o sábado 10 de decembro con inicio as 10:00 h. Ata as 18:00 h. Ininterrompidamente, agás a pausa do xantar, o cal correrá a conta da organización.

Os soportes do combate, serán 10 paneis rixidos, un para cada participante, coas seguintes dimensión aproximadas 200 x 200 cm

A distribución dos espazos de traballo entre cada un das/dos artistas seleccionados realizarase por sorteo.

Comunicarase a temática do combate no momento de inicio do certame.

Cada participante recibirá un lote de materiais cos que traballar e afrontar o certame, non podendo utilizar outros utensilios alieos aos propostos, e adaptándose as normas marcadas pola organización.

Establécense os seguintes premios impostos incluídos:

1º premio 1.200 €

2º premio 800 €

3º premio 600 €

Accesit 200 €

Accesit 200 €

- O xurado estará composto por unha persoa en representación da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e membros recoñecidos da comunidade das artes e a cultura, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes baremos:

- Aproximación ao tema proposto.

- Orixinalidade.

- Calidade técnica.

A resolución do certame terá lugar o finalizar o combate mural as 18:00 h., tras o fallo do xurado, coa correspondente comunicación aos gañadores.

A organización do concurso resérvase o dereito de excluír todas aquelas obras de contido que puidera ser considerado obsceno, violento, sexista, racista, atente contra a diversidade sexual ou vulnere algún dereito fundamental das persoas.

Os/as participantes no concurso compartirán co Concello de Lugo os dereitos de difusión, exhibición, comunicación pública, divulgación e reprodución por Internet ou calquera outro medio audiovisual, mostra ou exhibición das obras.

As tres obras gañadoras, pasarán a formar parte da colección do Concello de Lugo, o resto das obras non premiadas serán propiedade dos autores.

A organización, resérvase o dereito de utilizar as obras producidas durante o combate con fins expositivos, promocionais ou de difusión do CulturbanFest, mostra de arte na rúa, sempre co recoñecemento da condición da autoría dos artistas, excepto manifestación expresa en contra.


Calquera eventualidade imprevista xurdida en relación co desenvolvemento do Combate Mural e non contemplada de forma expresa nestas bases será resolta de acordo co criterio da organización.

Así mesmo, a organización non se fai responsable da mala ou nula recepción dos materiais.

A participación neste concurso supón a aceptación plena das presentes bases.

ORGANIZAN





ENTRADAS CICLO ARTES ESCÉNICAS

IMPORTE DAS ENTRADAS:

Obras para público adulto: 5 €.
Desconto do 30 % para persoas en paro, menores de 30 anos,
pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG.
Espectáculos para público familiar: 3 €.
Bono programación público adulto (xoves ás 20.30h / 9 obras): 27 €.
Bono programación familiar (domingos ás 18.30h / 9 obras): 22,5 €.

FORMA DE ADQUISICIÓN:

ENTRADAS: A través do portal web entradaslugo.es e na Oficina de Turismo ata 3 horas antes do comezo de cada función; e no auditorio, o día da función, desde unha hora e media antes do comezo do espectáculo.

•As persoas que adquiren entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

IMPORTANTE: NON SE PERMITIRÁ O ACCESO Á SALA UNHA VEZ COMEZADA A FUNCIÓN, NIN CON COMIDA E BEBIDA.

PROHÍBESE A TOMA DE FOTOGRAFÍAS E GRAVACIÓN DO ESPECTÁCULO, TANTO NO QUE SE REFIRE A SON COMA A IMAXE, A EXCEPCIÓN DOS MEDIOS GRÁFICOS PREVIAMENTE AUTORIZADOS.

ENTRADAS CICLO ARTISTAS NO FOCO

<https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/es/>

30 de outubro: El sueño de Valle Inclán. Zona A: 20€, Zona B: 18€, Zona C: 16€
9 de decembro: El aguafiestas. Zona A: 22€, Zona B: 20€, Zona C: 18€



PROGRAMACIÓN

CICLO ARTES ESCÉNICAS

18 OUTUBRO 18:30 GOLULÁ GALITON	24 NOVEMBRO 20:30 EL CABALLERO INCIERTO COME Y CALLA PRODUCCIONES
29 OUTUBRO 18:30 CONTINENTE MARIA, UN ESPECTÁCULO SOBRE MARÍA CASARES AINÉ PRODUCCIONS, A QUINTA DO CUADRANTE E O CDG	27 NOVEMBRO 18:30 NONNA TEATRO GÜI E HIPERBÓLICAS PRODUCCIONES
23 OUTUBRO 18:30 DESCONEXIÓN TITERES ALAKHAN	1 DECEMBRO 20:30 O PÉNDULO INVERSA TEATRO
27 OUTUBRO 20:30 AMANTIS REBORDELOS	4 DECEMBRO 18:30 ORBITAL FARRÉS BROTHERS / CIA
6 NOVEMBRO 18:30 SOY UNA NUEZ ZUN ZUN TEATRO	8 DECEMBRO 20:30 RELATO PARA UN INCENDIO a ANTENA
19 NOVEMBRO 20:30 RAGAZZO BARRIOSANTA	11 DECEMBRO 18:30 MOLLY Y EL GIGANTE LA MACHINA TEATRO
13 NOVEMBRO 18:30 LATAS D'CLICK	15 DECEMBRO 20:30 PIROLÍTICOS PRODUCCIONES TEATRAIS EXCÉNTRICAS
17 NOVEMBRO 20:30 DIÓGENES LILA TEATRO	18 DECEMBRO 18:30 O VIXIANTE DOS SONOS UBU TEATRO
20 NOVEMBRO 18:30 A NOVA HISTORIA DA CIGARRA E A FORMIGA TEATRO DO ANDAMIO	22 DECEMBRO 18:30 O DEUS DO POP DIEGO ANIDO

CICLO ARTISTAS NO FOGO

30 OUTUBRO 20:00 EL SUEÑO DE VALLE-INCLÁN BATKY PRODUCCIONES	9 DECEMBRO 20:30 EL AGUAFIESTAS PENTACIÓN ESPECTÁCULOS
---	---

17 NOVEMBRO | 20:30

DIÓGENES LILA TEATRO

ADIADO
26 NOVEMBRO 20:30

Sinopse:

"Diógenes" describe unha intensa viaxe cara ó nebuloso abismo da psique. Un singular proceso expiatorio tras dunha extraordinaria vivencia que confronta o ego, obrigando a unha análise das propias paixóns dende un lugar de contemplación. O despertar da conciencia a través da conciencia. A eterna disputa respecto ao vínculo existencial entre virtude e felicidade que existe levar á práctica o coñecemento atesourado e aquela sabedoría innata que busca constantemente a ledicia do ser. Segundo Sócrates os seres humanos desexan acadar a Eudaimonía, entendida como pureza espiritual, máis que calquera outra cousa na vida. "Diógenes" abarca o concepto de alma dende o hedonismo, nun intento de revelar a arte de vivir en liberdade fronte ao materialismo e as aparencias, partindo da concepción do propio destino dende o libre albedrío.

Esta é a historia dun clínico do século XXI en contra dun poder arrogante que insiste en desacreditar deliberadamente os verdadeiros valores existenciais.

Idade recomendada: A partir dos 16 anos.

Duración: 70 minutos.

20 NOVEMBRO | 18:30

A NOVA HISTORIA DA CIGARRA E A FORMIGA TEATRO DO ANDAMIO

Sinopse:

Duen non coñece a fábula da Cigarra e a Formiga? Aquela, da cigarra preguiceira e da formiga traballadora. Mais imosvos contar unha nova historia que comezou despois dunha noite de tormenta, que fixo que todo cambiara. Cambiou a vida da Formiga, que vivía na saída de emerxencia do formigueiro coidando das flores e cantando as cancións que inventa mentres ninguén a escoita.

Cambiou a vida da Cigarra, que chega ao fermoso outeiro despois de vagar durante moito tempo buscando un lugar mellor para vivir en paz. Este encontro non vai ser doado, pero será tan necesario...

Esta tenra historia fala de ser quen de superar os medos de facer nas nosas vidas o que realmente desexamos.

Idade recomendada: A partir dos 4 anos.

Duración: 55 minutos.

24 NOVEMBRO | 20:30

EL CABALLERO INCIERTO COME Y CALLA PRODUCCIONES

Sinopse:

Na excelente novela "La carne", de Rosa Montero, hai agochada unha pequena xoia. Trátase da historia imaxinaria de Josefina Aznárez, personaxe maiúscula, apaixonante, máxica, deses que aparecen moi de cando en cando pero quédanselle a un cravados para sempre.

Josefina é unha personaxe maldita, unha invención desgarrada e dolorosa da condición de ser muller. Esa muller ben podería ser Hildegarda de Bingen, María Lejárraga ou George Sand.

O seu destino crúzase un 3 de novembro de 1893 coa explosión e posterior traxedia do vapor "Cabo Machichaco"... A partir de aquí, é Laila Ripoll quen escribe este monólogo. Josefina entra nas sombras e desaparece para converterse en fantasma, en mito, en carne de escenario. Para non desaparecer nunca.

Este cabaleiro incerto é unha homenaxe a esas mulleres valentes, silenciadas e esquecidas. El cabaleiro incerto trata de nós e do noso lugar no mundo.

Idade recomendada: Público adulto.

Duración: 70 minutos.

XXX Premio Unión de Actores á Mellor Actriz Protagonista de Teatro
Mellor Obra revelación, actriz-protagonista, adaptación e escenografía 2021

27 NOVEMBRO | 18:30

NONNA TEATRO GÜI E HIPERBÓLICAS PRODUCCIONES

Sinopse:

Nunca estou máis feliz que cando vou visitar á Nonna. Ela cóidame, cántame cancións, ensíname como axudar aos pobres, lévame ao Circo, ao parque de atraccións... Nonna non cociña moi ben pero prepárame a cea con tanto amor que fago un esforzo por comelo todo sen rosnar... Nonna é doce, aínda que ten un forte carácter que me fai sentir totalmente segura cando estou con ela. Tamén río moito con ela, sobre todo cando intenta disimular o son dos seus gases tísindo ao mesmo tempo... Nonna é o máis... Hoxe dixome miña nai que non podo quedarme con Nonna, que non está... Estará no parque de atraccións? No cine?... Axúdame a buscala?

Idade recomendada: Todos os públicos.

Duración: 60 minutos.

1 DECEMBRO | 20:30

O PÉNDULO INVERSA TEATRO

Sinopse:

O Péndulo é unha obra de teatro-documento que nos mostra como se desenvolveu a sublevación militar do 1936 e o inicio da Guerra Civil na Galiza. Este achegamento á nosa historia colectiva faise desde o persoal. Marta Pérez, dramaturga xunto a Ernesto Is é actriz, trasladándonos á experiencia do seu bisavó, Tirso Gómez Freijeiro, natural de Ribadavia e residente na Caiña. Membro do Partido Socialista, republicano e presidente da "Casa del Pueblo de la villa". Tirso foi apresado e fusilado no ano 1936 no Castro de Vigo, xunto cos seus camaradas Justo Moure, Jesús Pérez e Antonio Mojón. Outro veciño da localidade, Benjamin Malvar, apareceu asasinado nunha gabia. Xunto con eles foi apresada tamén María Gómez, alcaldesa de A Caiña, pertencente á Izquierda Republicana, a única muller que exerceu ese cargo na Galiza durante a Segunda República. Esta última conseguiu salvarse do fusilamento no último momento, alegando un falso embarazo. Foi condeada a cadea perpetua e finalizou vivindo en Lugo coa anarquista Urania Mella.

Idade recomendada: Público adulto.

Duración: 85 minutos.

4 DECEMBRO | 18:30

ORBITAL
FARRES BROTHERS I CIA

Sinopse:
As veces témonos preto. As veces lonxe. Como podemos dar unha aperta dende a distancia? Mariona, o Yuri e o Nil xogan a maricianos. O universo forma parte do seu xogo, tal e como todos formamos parte do universo. Un día as súas órbitas bifúrcanse e pérdense a pista. E pasan os anos. Agora son adultos. Mariona está a punto de facer realidade o soño dos tres: viaxar de verdade cara ao espazo. Ela non quere marchar sen despedirse. Eles queren despedirse antes de que marche. Atópanse ou non, a memoria esperta: os xogos volven e os astros conforman constelacións imposibles.

ORBITAL xira arredor dunha aperta pendente. E da longa viaxe de tres amigos para facelo real...

Idade recomendada: Todos os públicos.
Duración: 55 minutos.

8 DECEMBRO | 20:30

RELATO PARA UN INCENDIO
ANTENA

Sinopse:
Antena foi seleccionada para levar a escena a proposta dramaturxica de Ernesto Is "Relato para un incendio" en coprodución co CDG e a MIT de Ribadavia. Unha dramaturxia que parte de dous sucesos verídicos acontecidos na comarca de Ordes: por unha banda, os estudos antropolóxicos de Gustav Henningsen en Ardena durante a década dos anos 60, na procura dos últimos vestixios de bruxería en Galicia; e pola outra, os incendios provocados por unha veciña de Cerceda no verán de 2016. A proposta escénica baséase no traballo actoral e solucións creativas, centrándose no sinxelo e na relación profunda entre intérprete e público. Outros dos seus elementos son a metateatralidade, cun elenco transformando a súa caracterización e falando directamente coa audiencia a favor dun achegamento emocional e o uso do audiovisual para artellar xogos escénicos.

Idade recomendada: Público adulto.
Duración: 60 minutos.

Espectáculo gañador do 1º Premio de creación do CDG.

9 DECEMBRO | 20:30

EL AGUAFIESTAS
PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

Sinopse:
Sergei (Josema Yuste) é un asasino a soldo que se hospeda nun hotel, para poder cumprir co seu rifle desde a xanela, un dos seus "encargos". Pero a súa tarefa verase constantemente interrompida por Ramón (Santiago Urrialde), o hóspede do cuarto contiguo. Un home moi, pero que moi pesado, que pretende suicidarse despois de que a súa muller o abandonou. Escrita por Francis Veber, un dos dramaturgos máis recoñecidos en Francia e outros países de Europa, autor do clásico de humor "A cena de los idiotas", chega agora a nova versión desta comedia de éxito da man de Josema Yuste baixo a dirección de Marcelo Casas.

Reparto: Josema Yuste, Santiago Urrialde, Maribel Lara, Vicente Renoveil, Arturo Venegas e Kiko Ortega.
Idade Recomendada: Público Adulto.

Animación á lectura e contacontos

Setembro
decembro 2022



**Biblioteca
Municipal
Isidro Novo
MIHL
Parque da Milagrosa**

Presentamos unha nova programación de animación á lectura pensada para achegar ás e aos máis pequenos á biblioteca, ao mundo da lectura e aos contos.

Para asistir a todas elas é preciso retirar unha entrada a través do portal entradaslugo.es. As entradas son gratuítas e estarán dispoñibles desde unha semana antes da actuación.

As persoas adultas que acompañen aos nenos e nenas aos contacontos terán que retirar tamén entrada. Para dar preferencia ao público infantil, permitirase só un acompañante adulto por unidade familiar e entregaranse un máximo de tres entradas por persoa.

As entradas para o obradoiro do día 24, na biblioteca, son unicamente para os nenos e nenas participantes.

É importante que vos fixedes nas idades ás que vai destinada cada sesión.



#ActivandoLugo

Xoves, 29 de setembro ás 18:00 horas no MIHL

INACIO VILARIÑO-FANTOCHES BAJ

"O tranvía Leonardo"

Idades: a partir de 3 anos

Duración: 50 minutos

O xefe do tranvía de Marín a Pontevedra contanos a historia do tranvía Leonardo e algunhas das anécdotas máis simpáticas dos seus tripulantes e dos seus pasaxeiros máis famosos.

Xoves, 13 de outubro ás 18:00 horas no MIHL

PABLO DÍAZ

"Contacontos para bebés"

Idades: de 1 a 3 anos

Duración: 40 minutos

Espectáculo musical de Pablo Díaz no que realiza unha divertida viaxe a través de contos adaptados para as crianzas coa súa música como fio condutor.

Luns, 24 de outubro ás 18:30 horas na Biblioteca

NAUFRAGOS TEATRO

"A biblioteca ideal"

Idades: a partir de 4 anos

Duración: 90 minutos

Para celebrar o Día das Bibliotecas, ven á biblioteca e crea con nós un libro no que imaxines como sería a túa biblioteca ideal. (Entradas só para os nenos e nenas participantes).

Xoves, 27 de outubro ás 18:00 horas no MIHL

TEATRO GHAZAFELHOS

"A caixa sen Pandora"

Idades: a partir de 5 anos

Duración: 50 minutos

Montse Piñón e Pepablo Patinho fan un divertido repaso pola historia de mulleres que decidiron romper coa norma e abrir a súa propia caixa, iniciando un movemento imparábel pola igualdade.

Xoves, 10 de novembro ás 18:00 horas no MIHL

TRÉCOLA PRODUCTIONS

"Xogo revoltoso"

Idades: a partir de 3 anos

Duración: 45 minutos

Obra de monicreques que reforza unha adecuada educación emocional libre de estereotipos e de violencia de xénero, ensinando que amosar sentimentos e emocións non nos fai parecer débiles.

Xoves, 24 de novembro ás 18:00 horas no MIHL

TARABELOS

"Contos nunha roda, Manuela e Manuel"

Idades: a partir de 4 anos

Duración: 50 minutos

Manuela é un macho alfa e Manuela unha rapaza sensible e boa... pero, cando xogan xuntos e ningún os ve, non son así!

Xoves, 1 de decembro ás 18:00 horas no MIHL

DUENDE SICO

"Elba e Marcos e os xoguetes encantados"

Idades: a partir de 3 anos

Duración: 60 minutos

Elba e Marcos non comparten os seus xoguetes e iso non está ben. Os xoguetes cobrarán vida para darlles unha lección: xogos, bromas, cancións e moitas risas.



2022  **2023**

concertos

xoves, 22 de setembro
Cuarteto Quiroga
Integral dos Cuartetos de cordas de J. Brahms
no 125 aniversario do seu pasamento (segundo concerto)

sábado, 29 de outubro
Orquestra Barroca de Sevilla (OBS)
Alfonso Sebastián, dirección
Concertos de Brandeburgo de J. S. Bach

sábado, 5 de novembro
Tempus Trio
Trio nº 1 de L. v. Beethoven e Trio nº 2 de F. Schubert

venres, 2 de decembro
Real Filharmonía de Galicia
Birgit Kolar, violín
Rubén Gimeno, dirección
Concerto para violín e orquestra de L. v. Beethoven
e obras de B. Bartók e Unsuk Chin

sábado, 17 de decembro
Vicente Antequera, barítono
Oscar Oliver, piano
Dichterliebe de R. Schumann e outros Lieder

martes, 17 de xaneiro
Cuarteto Gerhard
Cuarteto en sol menor de C. Debussy e Cuarteto nº 5 de D. Shostakóvich

martes, 7 de febreiro
Isabel Villanueva, viola
François Dumont, piano
Obras de R. Schumann, J. Brahms, F. Bridge e Rebecca Clarke

sábado, 4 de marzo
Sergey Malov, violín, violoncello da spalla e dirección
Orquestra Sinfónica Vigo 430
Obras de C. Ph. E. Bach, F. J. Haydn e W. A. Mozart

venres, 10 de marzo
Ilia Papoian, piano
Gañador do V concurso Internacional de piano Cidade de Vigo 2021
Obras de M. Clementi, S. V. Rajmáninov, M. Ravel, N. Médtner e F. Liszt

venres, 14 de abril
Real Filharmonía de Galicia
Novo/a director/a titular da RFG
Programa en preparación

mércores, 3 de maio
Camerata da Orquestra Sinfónica de Galicia
W. Rosinskij, dirección
Dasha Rosinskij Prokopenko, piano
Obras de F. Mendelssohn, W. Rosinskij, J. Sibelius e W. A. Mozart

Círculo de las Artes - 20:00 horas

LUGO CULTURAL



PROGRAMA DE OUTONO 2022



MÚSICAS A CARÓN DA MOSQUEIRA

Ás 20:30 h. na Casa do Saber.

Marta Puig. Piano.
Luns, 28 de novembro.

Natalie Schwamova. Piano.
Luns, 12 de decembro

**Natalia Labordette e
Victoria Guerrero. Petit
Morte. Dúo Lied.**
Luns, 19 de decembro.

IV CERTAME DE VIDEOCREACIÓN

Data límite de presentación
das pezas: día 23 de
novembro ás 13:00 h.

Bases en www.lugocultural.gal

PREMIOS:

- Mellor linguaxe visual (400€)
- Premio Isidro Novo á mellor linguaxe literaria (400€)
- Premio Araceli Herrero á mellor comunicación (400€)
- Premio Rof Codina (300€)

ENTREGA DE PREMIOS:

21 de decembro ás 20:00 h. no
MIHL. Coa actuación de Trilitrate

ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA

ARTE, EXPERIENCIAS E CINTAS DE VÍDEO.

Imparte **Carmen PG
Granjeiro**

Datas: 29 de outubro, 5,
12, 19 e 20 de novembro
de 11:00 h. a 14:00 h.

Lugar: Casa do Saber
Duración: 15 horas

Inscripcións en
cultura.lugo@usc.gal
ata o día 26 de outubro

XXVIII MARATÓN FOTOGRAFICO DO CAMPUS

6 de novembro de 2022

Inscripcións do 21 de outubro
ao 2 de novembro en
cultura.lugo@usc.gal

Bases en www.lugocultural.gal

PREMIOS:

- Premio Carlos Valcárcel á mellor fotografía do certame, dotado con 350 euros
- Premio Eduardo Ochoa á mellor fotografía do tema proposto pola organización dotado con 300 euros
- Premio á mellor fotografía de tema libre, dotado con 250 euros
- 12 fotos serán seleccionadas para o calendario Lugo Cultural 2023
- As 20 mellores fotos formarán parte da exposición
- Novidades sorpresa RC

ENTREGA DE PREMIOS E INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN:

21 de novembro ás
20:00 h. na Biblioteca
Universitaria Intercentros.

Recollida de fotos de anteriores
edicións do 28 de outubro
ao 4 de novembro.

GRUPO FOTOGRAFICO DO CAMPUS

A partir do 18 de novembro,
os venres de 17:00 a 20:00 h.

Dirixe: **Adra Pallón**

Lugar: Escola de Formación
de Profesorado.

Info e inscricións en
cultura.lugo@usc.es

I CERTAME PAISAXE SONORA

Bases en www.lugocultural.gal

Data límite de presentación
25 de novembro

- Varios premios, entre
eles o Premio G.C.S.U.S á
mellor paisaxe sonora.

**7 de novembro: Masterclass
por Arturo Vaquero**

Info e inscricións en
cultura.lugo@usc.es

LUGOCULTURAL



IV CERTAME DE VIDEOCREACIÓN

outubro e novembro * 2022



IV CERTAME DE VIDEOCREACIÓN

As obras presentadas deberán ser inéditas e orixinais.

Cada obra pode ser realizada de maneira individual ou colectiva. No caso de que a peza audiovisual sexa feita por un grupo, deberase indicar unha persoa que o represente ou un nome colectivo que asine a súa autoría.

Cada obra deberá levar a cortina de inicio dispoñible na páxina www.lugocultural.gal

A duración de cada obra será dun máximo de 5 minutos, incluíndo cortina inicial e créditos.

No caso de que a peza conteña linguaxe literaria oral ou escrita, valorarase positivamente a utilización do idioma galego.

No caso de que a peza conteña música, a persoa ou colectivo participante deberá acreditar a autoría ou a propiedade dos dereitos dela.

PRESENTACION DE OBRAS

Debe cubrirse a **folia de inscrición**, que poden atopar na web de Lugo Cultural, coa información da persoa ou colectivo participante e os datos técnicos e artísticos da obra, e incorporar unha ligazón privada para visualizar a obra en liña. Toda esa información debe enviarse ao enderezo cultura.lugo@usc.gal coa documentación que se pide na folia.

Data límite de presentación das pezas: día **23 de novembro ás 13:00 h.**

ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA

VIDEOCREACIÓN. ARTE, EXPERIENCIAS E CINTAS DE VÍDEO.

*Imparte Carmen PG Granxeiro

*Datas: 29 de outubro, 5, 12, 19 e 20 de novembro de 11:00 h. a 14:00 h.

*Lugar: Casa do Saber

*Duración: 15 horas

*Inscripcións en cultura.lugo@usc.gal ata o día 26 de outubro

PREMIOS

*Premio á mellor linguaxe visual (400€). Valoraranse os aspectos estéticos da obra referentes á imaxe, iluminación e dirección artística, así como a montaxe e edición visual de cada peza.

*Premio Isidro Novo á mellor linguaxe literaria (400€). Valoraranse os aspectos literarios da obra referentes ao guión e uso da linguaxe escrita ou oral.

*Premio Araceli Herrero á mellor comunicación (400€). A mellor proposta que englobe tódolos aspectos comunicativos empregando diferentes linguaxes.

*Premio Rof Codina (300€)

ENTREGA DE PREMIOS

21 de decembro ás 20:00 h. no MIHL.

Coa actuación de Trillitrate

LUGO CULTURAL



XXVIII MARATÓN FOTOGRAFICO

novembro * 2022



XXVIII MARATÓN FOTOGRAFICO DO CAMPUS

6 de novembro de 2022

INSCRIPCIONS

Do 21 de outubro ao 2 de novembro
en cultura.lugo@usc.gal

PREMIOS

- * Premio Carlos Valcárcel á mellor fotografía do certame, dotado con 350 euros, trofeo e diploma
- * Premio Eduardo Ochoa á mellor fotografía do tema proposto pola organización, dotado con 300 euros, trofeo e diploma
- * Premio á mellor fotografía de tema libre, dotado con 250 euros, trofeo e diploma
- * 12 fotos serán seleccionadas para o calendario Lugo Cultural 2023
- * As 20 mellores fotos formarán parte da exposición
- * Novidades sorpresa RC

ENTREGA DE PREMIOS E INAUGURACION

21 de novembro ás 20:00 h. na
Biblioteca Universitaria Intercentros.

EXPOSICION

Na Biblioteca Universitaria
Intercentros desde o 21 de novembro
ata o 2 de febreiro de 2023.

E na Biblioteca Provincial de Lugo desde
o 6 de febreiro ao 3 de marzo de 2023.

Recollida de fotos de anteriores edicións
do 28 de outubro ao 4 de novembro.

CULTURAL LUGO



GRUPO FOTOGRAFICO

novembro * 2022



GRUPO FOTOGRAFICO

A partir do 18 de novembro,
os venres de 17:00 a 20:00 h.

Dirixe: **Adra Pallón**

Lugar: **Escola de Formación
de Profesorado.**

Info en cultura.lugo@usc.es

CONTIDO

Contar historias.
Linguaxe fotográfica como medio de expresión.
Creación de proxectos fotográficos.

OBXECTIVOS

O curso ten como obxectivo central transmitir os coñecementos precisos para que o alumnado sexa quen de expresarse ao través da linguaxe fotográfica cunha voz propia. Para iso presentaremos ferramentas e metodoloxías de traballo que van dende a pre-produción ata a materialización da fotografía no formato adecuado. Para conseguir iso, analizaranse e estudaranse os seguintes puntos, dun xeito personalizado:

- * Metodoloxía de traballo
- * Edición e pos-producción fotográfica
- * Manexo de softwares relacionados coa edición, pos-producción e xestión da obra fotográfica
- * Referentes: Análise de traballos fotográficos de recoñecido prestixio. Estes servirannos como referencia e punto de partida á hora de atopar a nosa propia linguaxe fotográfica persoal.
- * Narrativas visuais
- * Análise individualizado do traballo persoal do alumnado
- * Creación dun proxecto fotográfico propio

A QUEN ESTÁ DIRIXIDO?

A todas aquelas persoas que teñan uns coñecementos mínimos sobre o manexo da cámara fotográfica e queiran amplialos e aprender a expresarse a través da fotografía, atopando unha metodoloxía e unha linguaxe propia para facelo.

ENFOQUE DO CURSO

Terá un peso importante a práctica e a exemplificación dos conceptos teóricos a tratar a través de traballos fotográficos de autores de recoñecido prestixio mundial e dos traballos fotográficos realizados polo propio docente do curso.

XXXII FESTIVAL DE *jazz* DE LUGO

4-20 NOV 2022



INFORMACIÓN – ENTRADAS: jazzlugo.com



PROGRAMACIÓN SEMANAL

O VELLO CÁRCERE



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

- 📍 Praza da Constitución s/n, 27002 Lugo
- ☎ 982 297 195
- ✉ vellocarcere@lugo.gal
- 🌐 <http://ovellocarceredelugo.gal/>

REDES SOCIAIS

- 📘 www.facebook.com/OVelloCarcere
- 📷 www.instagram.com/ovellocarcere
- 🐦 www.twitter.com/o_vello_carcere

HORARIO ATENCIÓN AO PÚBLICO

Mañás:

- Todos os días de 11:00 a 14:00 h.

Tardes:

- De domingo a mércores de 17:00 a 20:30 h.
- De xoves a sábado: 17:00 a 22:30 h.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

VISITAS GUIADAS

As visitas guiadas teñen un aforo limitado a 25 visitantes e unha duración aproximada de 45-60'. Recomendamos inscrición previa: 982 297 195.

PÚBLICO XERAL:

Visita guiada sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra".

- Venres: 18:15h.
- Sábados: 11:15h. e 18:15h.
- Domingos: 18:15h.

PÚBLICO FAMILIAR:

Visita guiada adaptada ás idades dos máis novos, sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra".

- Domingos: 11:15h.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓNS PERMANENTES

'O VELLO CÁRCERE: DA GUERRA Á POSGUERRA'

Exposición sobre as presas e presos políticos da Guerra Civil e da Posguerra, organizada polo Concello de Lugo e a ARMH (Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica).

'ELAS'

Exposición da Investigadora Aurora Marco que reivindica a presenza da muller galega en diferentes ámbitos, completada con dezaseis serigrafías das artistas Chelo Rodríguez, Ehlaba Carballo, Irene Silva Xiráldez, María Manuela, María Xesús Díaz, Novais, Sabela Arias Castro ou Vanessa Lodeiro.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

'SERIE AMARILLA'

Exposición pictórica do artista ourensán Xaime Quessada onde narra as guerras que aconteceron nos derradeiros anos da súa vida. A exposición poderá visitarse ata o 2023.

'FORZA, ESPAZO, TEMPO'

Esta mostra escultórica da artista polifacética Pepa Nieto, é a nova exposición temporal que ocupa as celas da segunda planta de mulleres.

'Forza, Espazo, Tempo' é unha mostra íntima onde Pepa expresa o seu mundo imaxinativo que está moi ligado a súa poesía. As obras están feitas en arxila debido a que este material ten un tacto suave e maleable que non limita a creatividade da artista.

Pepa Nieto define esta exposición, coa que se inaugura no oficio da escultura, como formas ligadas as técnicas tradicionais coas que representa o mundo no que vivimos.

Esta exposición poderase visitar ata o 30 de novembro.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

'FUXAN OS VENTOS 50 ANOS DE HISTORIA'

O 22 de outubro de 1972 Fuxan os Ventos daba a súa primeira actuación no III Festival das San Lucas de Mondoñedo. 50 anos despois activamos a memoria para lembrar unha das agrupacións mais emblemáticas da música galega a través da ampla variedade de formatos que conforman o seu arquivo persoal. Fotografías, carteis, instrumentos, poemas, partituras e audios inéditos son algunhas das pezas a través das cales poderemos mergullarnos na cronoloxía e no universo creativo de Fuxan os Ventos, nunha mostra que, ademais, conta coas achegas de múltiples persoas e entidades culturais do país.

Esta exposición poderase visitar ata o 22 de xaneiro.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: 'PROGRAMA TÁNDEM'

O programa Tándem pretende promover encontros interculturais que terán lugar de xeito periódico na Biblioteca do Centro. Nestas sesións, dirixidas ao público xeral adulto, as persoas participantes poderán practicar un idioma e vivir a experiencia de coñecer outras culturas de primeira man, mentres divulgan á vez a súa propia.

Os grupos organizaranse segundo os idiomas e intereses das/dos participantes, que serán remitidos a través dun correo a: vellocarcere@lugo.gal. Indicarase ademais o idioma que se quere practicar, a lingua nativa e os temas ou preferencias a tratar.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: VISITAS ESCOLARES

Ciclos de Educación Primaria:

- Programa escolar 'Un edificio con boa Memoria' (reserva)
Proposta didáctica arredor das orixes do Cárcere a través da súa arquitectura.
- Luns a venres, 11-15h. e 12-30h.

Ciclos de Educación Secundaria e Bacharelato:

- Visita guiada ao edificio e á exposición permanente 'O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra' (reserva)
- Luns a venres, 11-15h. e 12-30h.
- Visita guiada á exposición temporal Serie Amarilla de Xaime Quessada (reserva)
- Luns a venres, 11-15h. e 12-30h.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: 'ESPAZO DE LECER'

O Espazo de Lecer é un servizo innovador de conciliación familiar pensado para que nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e 8 anos, poidan xogar e aprender nun espazo especialmente deseñado para eles e elas.

Dúas monitoras organizan continuamente diversas actividades que se poñen en práctica, dun modo lúdico e educativo, co obxectivo de que rapaces e rapaces afiancen unha serie de valores, así como conceptos relacionados coa historia do edificio e as exposicións que alberga; a promoción da lingua, a reciclaxe e outras datas sinaladas.

O horario deste espazo é os sábados, domingos e festivos nas seguintes quendas:

- Primeira quenda de mañá: 11:00 - 12:30h.
- Segunda quenda de mañá: 12:30 - 14:00h.
- Primeira quenda de tarde: 17:30 - 19:00h.
- Segunda quenda de tarde: 19:00 - 20:30h.

Os sábados, na primeira e segunda quenda de mañá, realizaranse 'contacantos miúdos' e os domingos, na primeira quenda de mañá, realizaranse 'cousiñas xeitosas'.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

XOVES 17 DE NOVEMBRO

Actividade: ESCRITURA CREATIVA

Obradoiro que aborda a escritura creativa tanto a partir da historia do Cárcere como arredor de diferentes conceptos literarios.

Público: xeral adulto
Horario: 19:30h. - 20:30h.
Inscripcións: 10 persoas

SÁBADO 19 DE NOVEMBRO

Actividade: CONTACANTOS MIÚDOS: 'DEPOIS DA CHUVIA'

Con este conto de Miguel Cerro falaremos sobre a superación das adversidades, a adaptación ó medio e a colaboración duns cos outros.

O tempo restante, os participantes poderán ler, debuxar ou xogar no Espazo de Lecer

Público: 3-8 anos
Horario: Primeira quenda de mañá (11:00h. - 12:30h.)
Segunda quenda de mañá (12:30 - 14:00h.)

Inscripcións: 15 persoas por cada quenda.

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

SÁBADO 19 DE NOVEMBRO

Actividade: CLUB DE LECTURA 'EN - CLAVE FEMINISTA'

Encontros literarios nos que se reflexiona sobre o Feminismo a partir de diferentes lecturas e dinámicas propostas.

Público: xeral adulto
Horario: 12:00h. - 13:00h.
Inscripcións: 10 persoas

DOMINGO 20 DE NOVEMBRO

Actividade: COUSIÑAS XEITOSAS: DÍA DO MÚSICO

Realización dun pequeno traballo manual con temática do Día do Músico.

O tempo restante, os participantes poderán ler, debuxar ou xogar no Espazo de Lecer.

Público: 3-8 anos
Horario: Primeira quenda de mañá (11:00 - 12:30h.)
Inscripcións: 15 persoas

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

LUNS 21 DE NOVEMBRO

Actividade: PEQUEVIÑETISTAS

Obradoiro infantil de creación de banda deseñada. A través dos fondos da Biblioteca O Vello Cárcere, as participantes poderán ler, analizar e crear as súas propias historietas.

Público: 6-12 anos
Horario: 18:00h. - 19:00h.
Inscripcións: 10 persoas

LUNS 21 DE NOVEMBRO

Actividade: ABRINDO AS PORTAS DO VELLO CÁRCERE

Actividade que aborda diferentes cuestións e conceptos arredor da arquitectura carcelaria e do conxunto patrimonial de O Vello Cárcere.

Público: xeral adulto
Horario: 19:00h. - 20:00h.
Inscripcións: 10 persoas

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

MARTES 22 DE NOVEMBRO

Actividade: **MINIRRELATOS**

Obradoiro de escritura e narración oral infantil que pretende desenvolver, mediante dinámicas didácticas e xogos literarios, a creatividade para escribir historias.

Público: 6-12 anos
Horario: 18:00h. - 19:00h.
Inscripcións: 10 persoas

MARTES 22 DE NOVEMBRO

Actividade: **CONSTRUÍNDO MEMORIA**

Espazo de encontro, reflexión e debate sobre diferentes cuestións relacionadas co concepto de 'memoria'.

Público: xeral adulto
Horario: 19:00h. - 20:00h.
Inscripcións: 10 persoas



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

MÉRCORES 23 DE NOVEMBRO

Actividade: **A TODA COR**

Obradoiro infantil que trata, mediante diversas dinámicas de aprendizaxe, os valores humanos e os principais temas de actualidade que xiran arredor de datas significativas.

Público: 3-6 anos e 7-12 anos
Horario: 17:30h. - 18:30h.
Inscripcións: 10 persoas

MÉRCORES 23 DE NOVEMBRO

Actividade: **PEQUEVIÑETISTAS**

Obradoiro infantil de creación de banda deseñada. A través dos fondos da Biblioteca O Vello Cárcere, as participantes poderán ler, analizar e crear as súas propias historietas.

Público: 6-12 anos
Horario: 19:00h. - 20:00h.
Inscripcións: 10 persoas



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EVENTOS

VENRES 18 DE NOVEMBRO

Actividade: **PRESENTACIÓN DO LIBRO 'LINGUA, PODER E ADOLESCENCIA'**

Este libro de Miguel Rodríguez Carnota é un estudo da biografía lingüística de rapazas e rapaces galegoafalantes no medio lingüísticamente hostil dunha vila e dun Instituto do noso país. Presentará o evento Santiago Quiroga.

Horario: 20:00h.
Entrada: de balde
Lugar: patio



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EVENTOS

VENRES 18 DE NOVEMBRO

Actividade: **WORDPRESS 6.1 E O FUTURO DA EDICIÓN DO SITIO WEB**

Charla na que se presentarán as funcionalidades máis relevantes de WordPress 6.1, desde dous puntos de vista: o dun usuario que se acerca por primeira vez a WordPress e o dun tema que desexa sacarlle o máximo partido a estas características.

Os organizadores da meetup, Carlos Longarela e André Maneiro, levan anos participando na comunidade WordPress en áreas como a organización de meetups, tradución e desenvolvemento do produto, soporte e implantación.

Horario: 19:30h.
Inscripcións de balde en: <https://www.meetup.com/es-ES/wordpresslugo/events/289333090/>
Lugar: auditorio



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EVENTOS

SÁBADO 19 DE NOVIEMBRO

Actividade: **VISITAS TEATRALIZADAS AO VELLO CÁRCERE**

Visitas Teatralizadas por Achádego Teatro.

Datas: 19 de novembro, 21 e 28 de decembro

Horario: 20:00h.

Inscripcións: vellocarcere@lugo.gal / 982 297 195




**PROGRAMACIÓN
SEMANAL**

O VELLO CÁRCERE



CONCELLERÍA DE
CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

QUÉ FACER EN LUGO?



**SENTIRSE
INDIANA JONES**
VISITA O MUSEO MIHL
Descobre o noso pasado arqueolóxico.



#activandolugo

No Museo Muhl podes descubrir o pasado arqueolóxico de Lugo, ademais de facer un percorrido histórico dende a orixe romana da cidade ata os nosos días con recursos audiovisuais e pezas históricas orixinais.

Museo Interactivo da Historia de Lugo
Parque da Milagrosa, Av. Infanta Elena s/n.
982 29 74 46

www.facebook.com/museomihl
[@mihl_museo](https://www.instagram.com/mihl_museo)
[@mihl_museo](https://www.twitter.com/mihl_museo)



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo

HORARIOS INVERNO

15 OUTUBRO- 31 MAIO
*CONSULTAR HORARIOS ESPECIAIS

HORARIOS INVIERNO

15 OCTUBRE- 31 MAYO
*CONSULTAR HORARIOS ESPECIALES

WINTER SCHEDULE

OCTOBER 15th - MAY 31th
*CHECK SPECIAL OPENING HOURS

LUNS PECHADO (EXCEPTO FESTIVOS)

MARTES A VENRES

10:00 H - 13:30 H
16:00 H - 19:30 H

SÁBADO/DOMINGO/ FESTIVOS

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 19:30 H

HORARIOS ESPECIAIS

NADAL

DESDE O 20 DE DECEMBRO ATA O 6
DE XANEIRO

LUNS A DOMINGO

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 20:30 H

PECHADO 24, 25, E 31 DECEMBRO
1 E 6 XANEIRO

SEMANA SANTA

DESDE VÍSPERA DOMINGO DE RAMOS ATA
DOMINGO DE RESURRECCIÓN

LUNS A DOMINGO

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 20:30 H

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

18 DE MAIO

10:00 H - 20:00 H

ARDE LUCUS

CONSULTAR DATAS

XOVES E VENRES

10:00 H - 14:00 H
16:00 H - 22:00 H

SÁBADO

10:00 H - 22:00 H

DOMINGO

10:00 H - 20:00 H

LUNES CERRADO (EXCEPTO FESTIVOS)

MARTES A VIERNES

10:00 H - 13:30 H
16:00 H - 19:30 H

SÁBADO/DOMINGO/ FESTIVOS

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 19:30 H

HORARIOS ESPECIALES

NAVIDAD

DESDE EL 20 DE DICIEMBRE AL 6 DE
ENERO

LUNES A DOMINGO

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 20:30 H

CERRADO 24, 25 Y 31 DECEMBRO
1 Y 6 ENERO

SEMANA SANTA

DESDE VÍSPERA DOMINGO DE RAMOS HASTA
DOMINGO DE RESURRECCIÓN

LUNES A DOMINGO

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 20:30 H

DÍA INTERNACIONAL DE LOS MUSEOS

18 DE MAYO

10:00 H - 20:00 H

ARDE LUCUS

CONSULTAR FECHAS

JUEVES Y VIERNES

10:00 H - 14:00 H
16:00 H - 22:00 H

SÁBADO

10:00 H - 22:00 H

DOMINGO

10:00 H - 20:00 H

CLOSED ON MONDAY (EXCEPT PUBLIC HOLIDAY)

TUESDAY TO FRIDAY

10:00 H - 13:30 H
16:00 H - 19:30 H

SATURDAY/SUNDAY/ PUBLIC HOLIDAY

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 19:30 H

SPECIAL OPENING HOURS

CHRISTMAS

FROM DECEMBER 20th TO
JANUARY 6th

MONDAY TO SUNDAY

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 20:30 H

CLOSED ON DECEMBER 24th, 25th, 31th
JANUARY 1th, 6th

EASTER

FROM PALM SUNDAY EVE TO EASTER SUNDAY

MONDAY TO SUNDAY

10:00 H - 14:00 H
16:30 H - 20:30 H

INTERNATIONAL MUSEUM DAY

MAY 18th

10:00 H - 20:00 H

ARDE LUCUS

CONSULT DATAS

THURSDAY AND FRIDAY

10:00 H - 14:00 H
16:00 H - 22:00 H

SATURDAY

10:00 H - 22:00 H

SUNDAY

10:00 H - 20:00 H



MUSEO MIHL

EXPOSICIÓNS ACTUAIS:

SALAS PERMANENTES:

Exposición "De Lucus a Lugo":

Exposición que fai un percorrido histórico dende o Lugo Romano ata o Lugo contemporáneo con diferentes dispositivos audiovisuais complementado con diferentes pezas arqueolóxicas

Exposición "Desenterrando o pasado":

Exposición organizada polo servizo de Arqueoloxía do Concello, no que se percorren os derradeiros trinta anos de excavacións arqueolóxicas na nosa cidade.

"Mediateca":

Diferentes traballos realizados polos participantes dos diferentes obradoiros infantís que se se realizan no MIHL.

Exposición "Visións de Lugo":

Exposición pictórica das edicións do 2020 e 2021 do Certame de Pintura Rápida que organiza o Concello de Lugo, e que plasma diferentes partes da nosa cidade cun estilo libre.



CASA DOS MOSAICOS + CENTRO ARQUEOLÓXICO SAN ROQUE + SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ
+ CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA

facebook.com/Museos-Lugo-101761628425726
instagram.com/museoslugo



HORARIOS

CASA DOS MOSAICOS/CENTRO
ARQUEOLÓXICO SAN ROQUE/SALA DE
EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ

MARTES A VENRES 10:00-13:30/16-19:30

SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS 10:00-
14/16:30-19:30

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA
TODOS OS DÍAS 10:00 A 14:00/16:00-18:00

DENDE O 15/10



CONCELLERÍA DE
CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

INFORMACIÓN
TURÍSTICA EN LUGO?



**OFICINA MUNICIPAL
DE TURISMO**
Pza do Campo 11 - Baixo
982 25 16 58

#activandolugo

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

Oficina Municipal de Turismo

Praza do Campo, 11
27001 Lugo, Lugo

Tf: 982251658

Email: lugoturismo@lugo.gal | Facebook: www.facebook.com/TurismodeLugo

HORARIO DE INVERNO: do 1 de xaneiro ao 31 de maio e do 15 de outubro ao 31 de decembro (excepto a Semana Santa e Nadal):

- Todos os días de 10 a 18 horas

HORARIO DE VERÁN (vixente do 1 de xuño ao 14 de outubro):

- Todos os días de 10 a 20 horas

HORARIO DE SEMANA SANTA:

- Todos os días de 10 a 20 horas (este horario aplícase desde o sábado véspera do Domingo de Ramos ata o Domingo de Resurrección)

HORARIO DE NADAL:

- Todos os días de 10 a 20 horas (este horario aplícase do 20 de decembro ao 6 de xaneiro)

Pecha os días 25 de decembro e o 1 e o 6 de xaneiro. Horario reducido de 10 a 14 horas o 24 e o 31 de decembro.

HORARIO ESPECIAL DE ARDE LUCUS:

- O xoves, venres e o sábado de 10 a 22 horas
- O domingo de 10 a 20 horas

HORARIO DO PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE VERÁN (Pza Maior)

HORARIO DE VERÁN (vixente do 1 de xuño ao 14 de outubro):

- Todos os días de 10 a 20 horas

HORARIO ESPECIAL DE ARDE LUCUS:

- O xoves, o venres e o sábado de 10 a 22 horas
- O domingo de 10 a 20 horas

HORARIO ESPECIAL DE SAN FROILÁN:

- Fin de semana e festivos de 10 a 22 horas
- Resto dos días de 10 a 20 horas



MAITE FERREIRO PRESENTA O TERCEIRO COMBATE MURAL ORGANIZADO DENTRO DO PROXECTO CULTURBAN

Maite Ferreiro: "Culturban é unha mostra de arte na rúa que propón redescubrir a contorna urbana a través de distintas intervencións artísticas".

As inscricións ao combate mural estarán abertas ata o 2 de decembro, e os artistas seleccionados comunicaranse o 5, mentres que o evento terá lugar o sábado 10 entre as 10:00 e as 18:00

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou a volta do Combate Mural dentro da programación de arte urbano Culturban posta en marcha polo Goberno de Lugo en colaboración co Espacio Lupa Arte, dirixido polo artista local Iago Eireos. "Retomamos un ano máis esta proposta que nos permite desfrutar dun gran número de intervencións artísticas por toda a cidade, mellorando a imaxe de moitas rúas de Lugo", explicou Maite Ferreiro.

A terceira edición do Combate Mural terá lugar o vindeiro 10 de decembro. No evento participarán 10 muralistas que se seleccionarán segundo a súa traxectoria artística por un xurado relacionado co mundo das artes plásticas.

As inscricións poderán realizarse ata o vindeiro 2 de decembro, e as e os artistas interesados en participar debe-

rán achegar un currículo e un dossier cos seus proxectos e traballos máis relevantes.


O 5 de decembro comunicaranse os artistas seleccionados para participar no III Combate mural, que terá lugar entre as 9 e as 18 horas do sábado 10, cunha pausa para xantar. O xurado escollerá 3 gañadores, que levarán premios por valor de 1.200, 800 e 600€, xunto con dous accésits de 200€. "Un ano máis aquelas persoas que se acheguen polo combate mural poderán desfrutar do proceso creativo das artistas en vivo, asistindo así a todo o proceso artístico, dende o bocetado até o resultado final e achegando deste xeito, unha vez máis, a arte a toda a cidadanía facéndoa visible e tomando as rúas coa actividade cultural".

**MAITE FERREIRO
PRESENTA O CICLO
"CINEMA NO CÁRCERE"**

O AUDITORIO DO VELLO CÁRCERE
ACOLLERÁ TRES PROXECCIONS
DE CINEMA DOCUMENTAL
OS DÍAS 16, 23 E 29 DE NOVEMBRO ÁS 20:30

AS PROXECCIONS SERÁN DE ACCESO LIBRE
ATA COMPLETAR O AFORO

MAITE FERREIRO
CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO
E PROMOCIÓN DA LINGUA



**A CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA,
MAITE FERREIRO, PRESENTOU O CICLO CINEMA NO CÁRCERE, QUE
ACHEGARÁ TRES PROXECCIONS DE CINEMA CUNHA GRAN CARGA
SOCIAL A O VELLO CÁRCERE**

"Buscamos achegar á veciñanza distintos puntos de vista de cuestións que deixan e deixaron pegada na sociedade, como a situación no rural, a violencia vicaria ou a represión durante o franquismo" - Maite Ferreiro - En O Vello Cárcere - 20:30 - de acceso libre ata completar a cabida.

16/11: Verbas e Memoria, miña tía Elena (director Breixo Llano)
Curtametraxe documental na que se narra, mediante as verbas de Elena, diversos aspectos da vida cotiá da Galiza da súa xuventude.
Dividido en cinco partes, é un retrato do mundo rural a través do tempo; con lembranzas sobre o clima, a igrexa, a emigración, a escola ou as festas parroquiais.

23/11: Onde máis doe (directora Manane Rodríguez)
Despois de ameazar durante anos á súa exparella, Marcos M. asasina a golpes ó seu fi lo de 11 anos. Un ano despois un xurado popular condena por asasinato, matar facendo uso pleno das súas facultades, e determina que o crime contra o neno non buscaba outra cousa que castigar á nai. No feito no que

nos baseamos concorren a violencia, o acoso, o asasinato dun neno para danar á nai e a ameaza de morte que aínda pesa sobre a muller.

29/11: O cárcere de curas (directores: Oier Aranzabal, Ritxi Lizartza, David Pallarès)
Catro sacerdotes presos no cárcere de curas de Zamora (1968-1976), volven visitar a prisión onde foron condeados, nalgúns casos, a penas de máis de dez anos por denunciar a represión franquista nas súas misas. Foi precisamente Franco quen, utilizando o Concordato asinado co Vaticano, creou ese Cárcere Concordataria, a única do mundo para relixiosos. O documental narra a historia da viaxe real á que foron sometidos 53 relixiosos de Madrid, Galiza, Cataluña e País Vasco no seu traslado forzoso ó dito penal.

[illegible]

**MAITE FERREIRO PRESENTA UNHA NOVA EDICIÓN DA MOSTRA
ARTE DE PORTAS ABERTAS. ENMARCADA NO CULTURBAN**

21 artistas locais e 3 galerías de arte abrirán as portas dos seus obradoiros para permitir que a veciñanza poida visitar o seu traballo. A área de Cultura organiza visitas guiadas con Quella polos distintos obradoiros colaboradores.

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentou a mostra *Arte de Portas Abertas*, organizada pola área de Cultura e o Espacio Lupa Arte dentro da segunda edición do Culturbar.

> Obradoiros abertos

A área de Cultura facilitará que a veciñanza poida visitar os obradoiros de 17 artistas os días 19, 20, 26 e 27 de novembro entre as 16 e as 20 horas. Recoméndase concertar as visitas de xeito telefónico con cada un dos obradoiros para facilitar o cumprimento das cabidas de cada instalación.

Na mostra participan Telarete (cerámica e poesía), Sergio Marei e Solaina (arte multidisciplinar), Tuli RG (ilustración e pintura), Edu Fernández (pintura), Gemá López Estudiodearte (pintura), Andrés Haensel Hänselus (mix media e audiovisual), Leira (arte multidisciplinar), Miguel Anxo Macía (pintura), Iago Eireos (pintura e fotografía), Xoon Vila (escultura), Julio Gesto (pintura), Ceniza de papel (cerámica), Elena Belgrano Educohabitar (arquitectura e mix media), Cris Bamio - Arte (pintura e fotografía), T de Tete (deseño textil).

> **Artistas con espazos no Vello Cárcere**
Durante os 4 días da mostra, 6 artistas

contarán cun espazo no Vello Cárcere. Serán Juan Pablo Mastroianni (pintura), Jo Jo (pintura), Ana Cabanes Fontao (pintura e escultura), Miguel Fernández (ilustración), Martín Blanes (audiovisual) e Carmen Porteiro (fotografía). Ademais, as salas La Catedral I, La Catedral II e Nova Rua Arte abrirán tamén as súas portas durante a mostra Arte de Portas Abertas.

> Paseos con Oveja

Durante a mostra a área de Cultura organiza 4 paseos coa guía turística Queila. Terán prazas limitadas por orde de inscrición previa no correo vellocarcere@lugo.gal ou no teléfono 982 297 195.

Sábado 19 de 17 a 20h – saída desde o Vello Cárcere

Domingo 20 de 17 a 20h – saída desde o Vello Cárcere

Sábado 26 de 17 a 20h – saída desde a praza do Campo

Domingo 27 de 17 a 20h – saída desde o Cej Nodus

“LUGO CONTARÁ CUNHA AMPLA PROGRAMACIÓN CULTURAL PARA CELEBRAR O 22 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN DA MURALLA COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE”

MAITE FERREIRO
CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO
E PROMOCIÓN DA LINGUA



A CONCELLEIRA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA, MAITE FERREIRO, ANUNCIÓ UNHA NOVA PARTE DA “AMPLA PROGRAMACIÓN CULTURAL” COA QUE LUGO CELEBRARÁ O 22 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN DA MURALLA COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

O Coro do Hospital de Lugo unirase á celebración co seu novo concerto “O cantar da nosa lingua”, que terá lugar o vindeiro día 30 a partir das 18:00 na praza da Mosqueira. “Continuamos a anunciar a programación do 22 aniversario da muralla como patrimonio da humanidade, unha programación ampla con distintas actividades arredor do noso monumento máis importante”.

“Trátase dunha proposta que explora a historia da lingua galega, desde o medievo ata a actualidade, achegando cancións dos distintos períodos”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “o Coro do Hospital de Lugo interpretará a lírica medieval dos trovadores e neotrovadores, así como a música tradicional dos séculos escuros e as creacións dos séculos XIX e XX”.

Este concerto únese á campaña #LugoMurallaÚnica posta en marcha pola área de Cultura, “un proxecto que está a visibilizar a nosa Muralla a nivel internacional e que destaca o feito de ser a a única muralla romana do mundo que se conserva completa”, explicou Maite Ferreiro.

A campaña #LugoMurallaÚnica consta de 7 entrevistas en 6 idiomas (inglés, francés, italiano, portugués, castelán e galego) que darán a coñecer distintos aspectos históricos e culturais da Muralla de Lugo dende a perspectiva de 7 persoas nadas fóra, pero que viviron ou viven na cidade. As 7 entrevistas serán publicadas ás 22h00 todos os luns de novembro e decembro previos ao Nadal.



MAITE FERREIRO E RUBÉN ARROXO PRESENTAN A CAMPAÑA #LUGOMURALLAÚNICA



MAITE FERREIRO E RUBÉN ARROXO PRESENTAN A CAMPAÑA #LUGOMURALLAÚNICA "UNHA PROMOCIÓN A NIVEL INTERNACIONAL DO NOSO MONUMENTO MÁIS IMPORTANTE"

A ÁREA DE CULTURA PUBLICARÁ 7 ENTREVISTAS A PERSOAS RELEVANTES DE FORA DE LUGO QUE TRABALLAN OU VIVEN NA CIDADE

A INICIATIVA #LUGOMURALLAÚNICA É A PRIMEIRA DAS ACTIVIDADES QUE SE CELEBRAN DENTRO DA PROGRAMACIÓN DO 22º ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN DA MURALLA COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

NA PRESENTACIÓN ESTIVO PRESENTE O EX BREOGANISTA SALVA ARCO, XUNTO CON PERSOAS PARTICIPANTES NO PROXECTO

O Tenente Alcalde, Rubén Arroxó, xunto coa concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentaron a campaña #LugoMurallaÚnica, "un proxecto que busca visibilizar a nosa Muralla a nivel internacional e que destaca o feito de ser a única muralla romana do mundo que se conserva completa, ademais de ser a máis antiga de todo o planeta", explicou Maite Ferreiro.

Na presentación estiveron presentes o guía turístico Guido Guía coordinador do proxecto, e por unha representación das persoas participantes, SALVA ARCO FRIAS (barcelonés, ex xogador do Breogán, Fundación Breogán), Shannon T. Emery (estadounidense, profesora de inglés) e Amadine Loac (bretoa, administrativa)

A campaña #LugoMurallaÚnica consta de 7 entrevistas en 6 idiomas (inglés, francés, italiano, portugués, castelán e galego) que darán a coñecer distintos aspectos históricos e culturais da Muralla de Lugo dende a perspectiva de 7 persoas nadas fóra, pero que viviron ou viven na cidade.

A área de Cultura contou con Alessandra Orsili (ex-xogadora do Ensino Lugo e internacional coa selección absoluta italiana), Simón Rodríguez (venezolano, informador turístico na Oficina Municipal de

Turismo de Lugo), Shannon T. Emery (estadounidense, profesora de inglés), Salva Arco (barcelonés, ex-capitán do Breogán e director da Fundación Breogán), Mariana Capovilla (brasileira, ex-xogadora do Club Voleibol Emevé, Amadine Loac (bretoa, administrativa nunha empresa de Lugo) e Elena Belgrano (arquitecta italiana) para este proxecto.

A edil de Cultura destacou que a iniciativa #LugoMurallaÚnica é a primeira das actividades que se celebran dentro da programación do 22º aniversario da declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade UNESCO.

As redes sociais de Cultura e Turismo de Lugo mostrarán un avance da campaña #LugoMurallaÚnica este domingo ás 22:00, e as 7 entrevistas serán publicadas tamén ás 22h00 todos os luns de novembro e decembro previos ao Nadal.

Ademais disto, o proxecto buscará implicar á veciñanza e a todas as persoas que o desexen, animándoos a publicar nas redes sociais vídeos falando sobre a Muralla e utilizando sempre o cancelo #LugoMurallaÚnica na procura de viralizar ao monumento romano a nivel internacional.

Información cultural elaborada o xoves
17/11. Séguenos nas nosas redes, e segue
as redes das entidades, promotores
culturais e medios de comunicación locais
para as actualizacións correspondentes.

www.facebook.com/LugoTurismo
www.instagram.com/culturaturismolugo
www.twitter.com/LugoTurismo

Coa cultura en Lugo:



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da lingua